




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A xestión Académica a partires de unidades centralizadas de xestión, require unha homoxeneización dos procedementos os efectos de conquistar os beneficios de economía e celeridade. A tarefa de homoxeneización procedemental realizarase o longo do presente curso académico, e respetaranse en todo caso as peculiaridades de xestión de cada titulación, se ben e no que sexa posible e previa aprobación dos órganos competentes, artellaranse procedementos únicos para a xestión de tódalas titulacións que imparte a Universidade de Santiago.

No obstante o disposto e conveniente abordar neste intre, e co carácter provisirio dada a súa urxencia, a convocatoria para acadalo grao de licenciado (sen perxuizo dunha posterior regulamentación que unifique, no que sexa posible os procedementos de acadalo grao en suas duas modalidades, tesina e exame), no senso de establecer uns prazos únicos de matrícula , e artellar un procedemento a traveso das Unidades de Xestión Académica.

E POR TODO O EXPOSTO POLO QUE ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- COLACION DO GRAO DE LICENCIADO

1.- A colación do grao de licenciado, ben pola modalidade de tesina ben pola modalidade de exame, será convocado polos Centros entre o 25 de outubro e o 30 de novembro.

2.- No obstante o disposto, se a colación do grao de licenciado pola modalidade de tesina tivera normas singulares de cada Centro, estas serán de aplicación tanto en prazos como en procedementos.

3.- Das datas que establezan as Facultades para a colación do grao, se dará traslado as Unidades de Xestión Académica correspondente.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEGUNDO.- MATRICULA

1.- Prazos

Para o presente curso académico 1993-94, a matrícula para acadalo grao realizarase entre o 18 e o 22 de outubro.

A matrícula para acadalo grao pola modalidade de tesina, e no suposto a que se refire o número 2 do apartado anterior, realizarase no momento que o alumno sexa convocado para a súa lectura.

2.- Documentación

a) Solicitude

b) Se o alumno concorre pola modalidade de tesina, deberá aportar certificación do Secretario da Facultade, que acredite que a tesina reúne os requisitos para proceder a súa lectura.

3.- Prezos publicos

No acto de matriculación se reportarán e liquidarán os prezos que estean establecidos. A matrícula non se entenderá formalizada ata en tanto no se acredite o pago dos mesmos

TERCERO.- EXPEDIENTE

Rematado o prazo de matrícula, os Xefes das Unidades de Xestión Académica, remitirán a cada Facultade, relación dos alumnos que formalizaran matrícula xunto co do expediente do alumno.

CUARTO.- ACTAS

Unha vez realizados os exames ou realizada a lectura da tesina, o Tribunal remitirá acta a Unidade de Xestión para o seu Arquivo.



**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

DIPOSICION ADICIONAL

UNICA.- TRABALLOS E PROXECTOS FIN DE CARREIRA

A presente normativa pola que se regula con caracter provisorio o procedemento para a acada-lo grao, será de aplicación os procedementos para á traballos e proxectos fin de carreira, agás os prazos de lectura ou presentación que serán os establecidos en cada Centro.

Santiago, 14 de outubro de 1993

O RECTOR
Por ausencia

O VICERRECTOR DE PLANIFICACION
E PROGRAMAS
(R.R. 8 de outubro de 1993)

Xerardo García Mera

SR. SECRETARIO XERAL
SRS. DECANOS E DIRECTORES DOS CENTROS
SR. XEFE DO SERVICIO DO ALUMNADO
SRS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTION ACADEMICA.